*Encontrar, co tempo, un espazo propio onde vivir; un espazo, poñamos por caso, que teña a medida exacta da luz.*

*Gemma Gorga*

# *Sally Ride*

## *1951 -*



The National Archives and Records Administration, a través de Wikimedia Commons.

Primeira norteamericana en viaxar ao espazo (1983), renunciou a unha prometedora carreira como tenista para se converter en astronauta e astrofísica, conseguindo ser seleccionada entre máis de 1000 homes e mulleres para formar parte da tripulación do Challenger.

Profesora universitaria, desde o 2001 promove unha serie de programas para incentivar a formación científica entre nenas e mulleres, inspirada pola súa propia experiencia : "*Cando era nena, tiven unha profesora que me animou no meu interese pola ciencia. Retou a miña curiosidade, desafioume a facer preguntas, a pensar sobre as cousas por min mesma. Axudoume a construír a miña autoestima... Todo iso me axudou a converterme en científica e astronauta*".

# Mulleres Que Tocaron O Ceo

## outubro

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1<br>1931 Clara Campoamor defende nas Cortes o dereito ao voto feminino. | 2<br>**381-385 Exeria de Gallaecia escribe o seu diario de viaxe a Exipto e Palestina.** | 3<br>**1916 nace en Ferrol Mª de los Ángeles Alvariño, pioneira na oceanografía en España.** | 4<br>1946 Nace Susan Sarandon, actriz comprometida coa paz e os DD.HH. | 5<br>1789 Na Revolución Francesa, miles de mulleres marchan a Versalles. | 6<br>1565 Nace Marie Le Jars de Gournay, literata, filósofa e alquimista. | 7<br>**A Maria Mariño por "Palabra no Tempo" e "Verba que comeza".** |
| 8<br>2004 Wangari Maathai, ministra keniata, recibe o Nobel da Paz. | 9<br>1653 Pasamento de Lucrecia Marinelli, poeta, filósofa e humanista italiana. | 10<br>1931 As mulleres españolas logran o dereito ao voto. | 11<br>1928 Morre Adela Zamudio, escritora boliviana. Enfrontouse aos conservadores. | 12<br>**1942 Falece no exilio Amparo López Jean, integrante da Executiva do Partido Galeguista en 1936.** | 13<br>**s.XVIII MªTeresa Caamaño e MªFca Isla, ilustradas galegas. A súa obra foi queimada.** | 14<br>1906 Nace Hannah Arendt, filósofa alemá e grande intelectual do século XX. |
| 15<br>1888 Nace Teresa Iglesias Recio. Doutora especialista en doenzas da muller. | 16<br>1992 Rigoberta Menchú, líder indixenista guatemalteca. Nobel da Paz. | 17<br>1978 Inaugúrase a Libraría de Mulleres de Madrid. | 18<br>**1890 Nace Ernestina Otero Sestelo, representante galega da Institución Libre de Enseñanza** | 19<br>1997 Pasamento da directora de cinema Pilar Miró. | 20<br>1793 Durante a Revolución Francesa, o goberno disolve os Clubes Femininos. | 21<br>"*O persoal é político*". Kate Millet |
| 22<br>1961 Nace Belén Feliu na Coruña. Escritora e colaboradora da revista A Festa da Palabra Silenciada. | 23<br>1900 Nace Delia Weber. Poeta e pintora, participou en Acción Feminista Dominicana. | 24<br>1983 Créase no Estado Español o Instituto da Muller. | 25<br>1938 "*Te vas Alfonsina con tu soledad, qué poemas nuevos fuiste a buscar?*" | 26<br>**1904 Nace en Carril María Arauxo, guerrilleira fuxida en Galiza e miliciana en Cuba.** | 27<br>1968 Falece Lise Meitner. Investigou sobre radiactividade e física nuclear. | 28<br>**s. X Ilduara e Elvira Nunes, educadoras de santos, reis e señores na Galiza altomedieval.** |
| 29<br>1958 Morre Zoe Akins, autora dramática e guionista. Premio Pulitzer de Teatro. | 30<br>**1989 Morre en Lugo Enriqueta Otero, guerrilleira republicana, defensora dos drtos civís.** | 31<br>1711 Nace Laura Bassi. Traduciu e estudou a física de Newton, implantándoa en Italia. | | | | |

Tempo de mulleres, Mulleres no tempo **2012**

STEG

Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad – Secretaría de Estado de Igualdad – Instituto de la Mujer

STES-INTERSINDICAL Organización de Mujeres